


Tema 9: Situación actual da industria en España e Galicia.

- *Desafíos: problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía) e consecuencias da incorporación á Unión Europea.*
- *Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.*


Introdución

España é un país integrado no conxunto dos países industriais do mundo. Mais o desenvolvemento da actividade industrial en España non acadou un nivel notable ata a segunda metade do século XX. A crise industrial de 1973-1974, que evidenciou a necesidade de cambiar os sistemas de produción, conduciu coa revolución tecnolóxico-informática ou terceira revolución industrial. Desenvolveuse deste xeito unha nova etapa denominada **postindustrial** ou informacional, que deu lugar a novos modelos de empresas cunha importancia crecente das novas tecnoloxías, a innovación e a investigación. O ingreso de España na Unión Europea (a partir de 1986) supuxo o final do proteccionismo e a apertura do mercado á competencia exterior, que ten provocado unha **reconversión industrial** e peche de moitas industrias non competitivas.



En esencia, o emprazamento actual da nosa industria é consecuencia da herdanza histórica e o desenvolvemento recente da nosa economía. Predominan as áreas industriais desenvolvidas e diversificadas en torno ás grandes áreas metropolitanas nacionais (Madrid e Barcelona). O eixo do val do Ebro, que comunica País Vasco e Cataluña, acentúa o seu crecemento dada a súa proximidade a Europa e á herdanza histórica canto ao desenvolvemento de ramas siderúrxicas, metalúrxicas, químicas,... Tamén está configurándose o eixo mediterráneo, como consecuencia da influencia positiva que o turismo e as actividades terciarias exercen sobre esta área. Por contra, hai eixos e núcleos en declive, debido á presenza de sectores avellentados, como a siderurxia e os estaleiros (especialmente a franxa cantábrica -en gran medida

dependente dunha minería hoxe en declive- e o SO andaluz).



Situación actual da industria española

A industria española, tras a entrada na Unión Europea, viviu un proceso de modernización produtiva que ten pasado por sucesivas crises (1990-1993, e a actual, desde 2007-2008). A mediados da década de 1990, a industria española, recuperada da primeira reconversión industrial, tiñase convertido no sector de actividade máis produtivo grazas á moderación salarial e á flexibilidade na contratación laboral. A economía medraba por enriba da media europea e aumentaba o investimento español nos países da Unión Europea, mentres que en Portugal, o norte de África e Latinoamérica se instalaban empresas españolas.

A industria tivo un ritmo positivo de crecemento de vendas, produción e demanda, aínda que vai perdendo importancia dentro do conxunto de actividades económicas a causa da terciarización xeral da economía e do emprego.

A crise financeira de 2007, xurdida inicialmente nos Estados Unidos, afecta posteriormente a toda a economía mundial. Na Unión Europea iniciouse unha tendencia xeral á baixa, que en España se reflicte nunha recesión da carteira de pedidos, un aumento dos stocks e unha desaceleración do emprego.

Os desafíos da industria española

A industria española presenta diversos problemas estruturais que afectan negativamente á súa competitividade fronte á economía europea e global:

- Existe un **escaso número de grandes empresas**, pois dominan as pequenas e medianas empresas; estas teñen a vantaxe de adaptarse mellor ás demandas do mercado e presentar menos conflitos laborais, o que non permite crear importantes economías de escala, nin grandes investimentos en novas tecnoloxías. O Instituto da Mediana e Pequena Empresa Industrial fomenta a innovación das PEMEs e a colaboración tecnolóxica entre elas.
- A **produtividade industrial é inferior á da Unión Europea**, feito que incrementa o custe laboral. Un dos recursos para mellorar a produtividade é a aplicación das innovacións derivadas das TIC, mais o gasto español neste senso está moi por debaixo do gasto da UE.
- O **nivel de intensidade tecnolóxica é baixo**, e a porcentaxe de investimento en I+D é insuficiente (só o 1,4% das industrias manufactureiras españolas presentan un alto nivel de intensidade tecnolóxica, e apenas 20 empresas españolas figuran na listaxe das mil empresas comunitarias que máis invisten en innovación).

Todo isto provoca unha balanza tecnolóxica deficitaria: as principais empresas de automóbiles, maquinaria eléctrica, aparellos electrodomésticos e produtos farmacéuticos fabrican con patentes estranxeiras, que son unha boa fonte de ingresos para os países que as crean, mais un enorme gasto para países como España -que deben pagar pola súa aplicación.

É fundamental, polo tanto, dedicarlle unha porcentaxe máis elevada do PIB a I+D+i e fomentar a mellora do sistema educativo e a formación técnica laboral.

Consecuencias da incorporación de novos Estados á UE

A incorporación de novos países á UE afecta á industria española por diversos motivos: estes países gozan dunha maior proximidade ao grande eixe industrial europeo que constitúen os países nórdicos, Alemania e o Norte de Italia; ademais, a estrutura produtiva é semellante á española, a man de obra máis barata, e a súa produtividade e cualificación en alta tecnoloxía, maior. Así mesmo, o investimento de capital estranxeiro permitiúlles a implantación de empresas de alta tecnoloxía, co que aumentou o seu potencial industrial dentro da UE.

Un dos sectores da industria española máis afectados é o dos automóbiles, no que España mantivo un bo ritmo de exportacións; o sector está dominado por empresas de capital estranxeiro que poden **deslocalizar** as industrias na procura de menores custos, o que tería consecuencias negativas para as industrias de compoñentes. España debería orientar o seu tecido industrial cara a unha maior calidade e produtividade para facerlle fronte á competencia dos novos países da UE, que tenden a desprazar a España do seu segmento de mercado exportador.

Os espazos industriais españois no mundo global

O actual tecido industrial español estase a incorporar á **globalización económica**, de maneira que as nosas zonas industriais se configuran como puntos dunha rede de produción a nivel mundial.

Esta rede caracterízase pola concentración de capital e de decisión en poucas

empresas multinacionais moi poderosas, co que o papel da economía estatal se reduce. Numerosas decisións tómanse fóra de España, xa que aquí hai poucas sedes centrais de grandes empresas. Isto explica que, malia ser unha potencia industrial, non teña un papel relevante na economía mundial.

Globalización e deslocalización

Nunha economía globalizada, as empresas buscan a competitividade para aumentar a súa cota de mercado; disto derívanse as causas da **deslocalización**: a busca de menores custos laborais e de mellores condicións fiscais e técnicas. Por esta razón, as empresas se trasladan a lugares como o Leste de Europa, Sueste asiático, China,...

Por outra banda, a localización dos establecementos industriais flexibilizouse, de xeito que a empresa pode deslocalizar só parte do proceso produtivo. Este é o caso de algunhas fábricas textís españolas que desprazaron ao Norte de África os procesos que esixen unha considerable man de obra, mentres o deseño dos tecidos -proceso de maior valor engadido- queda en España.

As consecuencias das deslocalizacións son o incremento da taxa de paro e a perda de emprego no sector secundario, que tende cada vez máis a terciarizarse.

As políticas industriais, por parte dos gobernos, proporciónanlles axudas ás empresas para frear o proceso de deslocalización e o aumento do paro.

O proceso de industrialización en Galicia

En 1955, cando outras comunidades españolas comezaban o seu despegue industrial, perto do 70% da poboación galega aínda se dedicaba ás actividades agrícolas. Así pois, o proceso industrializador en Galicia estivo marcado por un evidente atraso, debido non só á falta de iniciativas locais, senón á deficiente organización do sector primario e a súa posición periférica e mal comunicada con respecto aos principais centros de decisión.

Ata as décadas centrais do século XX, as únicas actividades fabrís, limitadas case exclusivamente ao sector naval e ás conserveiras, foran desenvolvidas grazas a investimentos exteriores como os levados a cabo pola burguesía catalana en certos núcleos costeiros. Posteriormente, as actuacións do goberno central en materia de desenvolvemento -mediante a creación dos Polos de Desenvolvemento Industrial- apoiaron un incipiente, aínda que tardío, desenvolvemento industrial. A instalación de Citröen Hispania en Vigo (1957), grazas a un certo aperturismo económico a partir da década dos anos 1950, supuxo o o inicio do proceso de internacionalización e diversificación da economía galega. Desde 1960, paralelamente á modernización do sector agrario, chegaron a Galicia varias multinacionais alimentarias (como Nestlé), que favoreceron o desenvolvemento das actividades primarias ao garantir e estabilizar a demanda industrial dos nosos produtos agrícolas.

En definitiva, boa parte das grandes empresas localizadas en Galicia contan cun capital eminentemente foráneo e están máis vencelladas á industria española ou europea que á do resto da comunidade autónoma.

Estrutura e principais áreas industriais galegas

Na actualidade, o sector secundario ocupa en torno ao 29% da poboación activa galega, similar porcentaxe á española (30%), o que indica un importante desenvolvemento do sector nas últimas décadas. Non obstante, algúns dos subsectores empresariais localizados en Galicia supoñen un notable custe ambiental (tal é o caso da celulosa de Pontevedra, a refinería da Coruña ou as industrias de base localizadas no

concello lucense de Cervo -Alúmina-Aluminio- e no coruñés de Cee -Carbuos Metálicos-).

As empresas industriais galegas, salvo excepcións, caracterízanse polo seu pequeno tamaño, o que as fai escasamente competitivas, ao teren dificultades para incorporar innovacións tecnolóxicas. Os principais subsectores industriais localízanse ao longo do Corredor Atlántico, sobre todo na área metropolitana de Vigo e no Golfo Ártabro, que conta con mellores infraestruturas de comunicación e cunha rede empresarial consolidada:

- A **construción naval** -sector que sufriu unha forte reconversión, da que logrou saír grazas ás subvencións estatais e ás axudas do Fondo Social Europeo- localízase fundamentalmente nas cidades de Ferrol (Navantia) e Vigo (Barreras), aínda que existen arredor de cen empresas -polo xeral de pequeno tamaño- relacionadas co ramo ao longo da costa galega, que empregan a máis de 10.000 traballadores. O sector, con fortes altibaixos, está actualmente en crise -por falla de pedidos- nas súas empresas-baluartes.
- A **industria automobilística** concéntrase fundamentalmente en Vigo e a súa comarca, ao abeiro de Citroën Hispania. Algunhas empresas dedicadas á fabricación de carrocerías e vehículos especiais aséntanse noutras localidades galegas como Santiago (Castrosúa e URO, vehículos especiais).
- O **sector alimentario** conta cunha ampla representación en Galicia, dada a vocación agropecuaria e mariñeira do territorio. Destacan as industrias de conserva de peixe, as de máis longa tradición da nosa comunidade, situadas preferentemente nas Rías Baixas e, sobre todo, na de Arousa (Ribeira, Pobra do Caramiñal, Vilagarcía, Vilanova...); os conxelados de produtos do mar -coa multinacional galega Pescanova-; o sector lácteo e o das augas minerais, localizados nas provincias de Ourense e Pontevedra; e o grupo Coren que, empezando como cooperativa no ano 1961, se converteu na primeira empresa agroalimentaria de España, especializada en produtos avícolas.
- O **ramo da madeira** está composto por industrias de primeira transformación, representadas por empresas de grande tamaño presentes nos mercados internacionais -como a Financeira Madeireira FINSA, con sé en Santiago-, así como por un bo número de pequenas e medianas empresas (serradoiros, carpinterías, fabricación de mobiliario,...) con carácter familiar e espalladas por todo o territorio, tanto nas provincias do interior como na costa.
- A **industria téxtil e da confección** adquiriu un enorme desenvolvemento desde os anos 1980, cunha cobertura empresarial de alto nivel tecnolóxico e moitos pequenos centros de produción nas catro provincias. Os principais núcleos de implantación son o eixo Arteixo-A Coruña, grazas ao dinamismo do grupo Inditex e a proliferación de pequenos obradoiros, Vigo-Redondela, Ourense e, en menor medida, Santiago, Lalín ou Ferrol.